

**PROPOSTA FONDOS FEDER  
GALICIA 2014-2020**

---

**SECTOR ENERXÉTICO EN  
GALICIA**

## IMPORTANCIA DO SECTOR ENERXÉTICO

A UE considera prioritarias as políticas enerxéticas xa que:

- A dependencia enerxética do exterior é un factor de risco para a economía
- Os prezos dos produtos enerxéticos son moi altos na actualidade e afectan de forma significativa á distribución dos gastos das familias e á competitividade das empresas
- O sector enerxético é un dos principais sectores industriais en volume de investimento e tecnoloxía
- Acadar os compromisos de Kyoto require modificacións relevantes no sector

Por iso existe un obxectivo específico dentro dos programas operativos destinado a favorecer o paso a unha economía baixa en carbono en todos os sectores

## OBXECTIVO 4

### Favorecer o paso a unha economía baixa en carbono en todos os sectores


Promover a diversificación nas fontes de enerxía renovables.

Desenvolver a xestión da demanda, eficiencia e aforro enerxético no sector residencial.

Impulsar a eficiencia enerxética en edificios públicos.

Incrementar a competitividade da economía galega mediante a diminución do consumo de enerxía nos sectores industriais e de servizos.

Potenciar a penetración dos biocombustibles para diminuír as emisións de gases de efecto invernadoiro.



**Utilizar a eficiencia enerxética e as enerxías renovables  
como panca para o crecemento económico**



## PRIORIDADES DO SECTOR

A partir dunha análise da situación actual de Galicia definíronse as prioridades de Galicia para o sector enerxético para o período 2014-2020, prioridades que están aliñadas cos obxectivos establecidos pola UE, entre os que destacan:

- Fomento das enerxías renovables
- Aforro enerxético
- Impulsar proxectos piloto de eficiencia enerxética na administración pública que permitan visualizar as novas tecnoloxías
- Reducir os custos enerxéticos para incrementar as rendas dispoñibles das familias e a competitividade das empresas
- Desenvolvemento de tecnoloxías que permitan xerar emprego

É importante indicar que unha parte de estas liñas de actuación están recollidas en diferentes plans e estratexias que xa están en marcha, liñas que se relacionan a continuación.

## PLANS E ESTRATEXIAS EN MARCHA

### ESTRATEGÍA INTEGRAL DE IMPULSO Á BIOMASA FORESTAL 2014-2020

Emprego: máis de 1000 novos postos de traballo  
Valorización de 275.000 t/ano de biomasa  
Inversión mobilizada: máis de 250 M€  
Acheга pública 2014-2020: máis de 50 M€

### REDEXGA (Plan de aforro e eficiencia enerxética no Sector Público)

Aforro enerxético en 2020: 20%  
Aforro económico a partir do 2020: 10 M€/ano

### PLAN DE AFORRO ENERXÉTICO NO SECTOR INDUSTRIA E SERVIZOS

Continuidade coas medidas impulsadas no período  
2007-2013  
Obxectivo: 6 % de aforro enerxético  
1.000 M€/ano a partir de 2020

## ANTECEDENTES FONDOS FEDER 2007-2013

Para acadar os obxectivos previstos é fundamental manter un apoio público para proxectos enerxéticos.

No período 2007-2013 a achega pública da Xunta de Galicia a través do INEGA foi de 207 M€ a esta clase de proxectos.

As prioridades da UE para o período 2014-2020 para as medidas consideradas no eixe 4 foron modificadas, incrementando a porcentaxe de fondos para o sector enerxético, o cal xustifica reestruturar os fondos dispoñibles, adaptando as nosas prioridades aos recursos existentes.

A partir dos datos anteriormente indicados preséntase unha proposta que permitirá impulsar proxectos para acadar parte dos obxectivos marcados para o sector enerxético

## FONDOS FEDER 2014-2020

A proposta de campos de intervención (CI) baséase fundamentalmente nas prioridades marcadas pola UE e os plans en marcha. Así neste período redúcense substancialmente as achegas a infraestruturas enerxéticas e se fomenta o plan da biomasa (prioritario para a Xunta para este período) e o plan de aforro enerxético.

A PROPOSTA DE C.I. PRESENTADOS BASEASE NA NECESARIA  
REESTRUTURACIÓN DOS FONDOS FEDER

OS FONDOS FEDER 2014-2020 SON IMPRESCINDIBLES PARA ACADAR  
OS OBXECTIVOS ENERXÉTICOS MARCADOS POLA XUNTA DE GALICIA  
ANTE A DESAPARICIÓN DOS FONDOS QUE PROCEDÍAN DO “CONVENIO  
2007-2012 co IDAE “ (APORTABAN 17 M€/ano)

## FONDOS FEDER 2014-2020

### **Enerxías renovables**

- ✓ Fomento da xeración térmica con recursos autóctonos fundamentalmente biomasa

### **Industria e servizos**

- ✓ Apoio á renovación tecnolóxica de equipos e á optimización dos recursos enerxéticos utilizados na industria e nos servizos para a mellora da súa competitividade

### **Sector Público**

- ✓ Desenvolvemento de proxectos de aforro e eficiencia enerxética no sector público



## IMPACTOS POSITIVOS

### IMPACTOS FONDOS FEDER 2014-2020

- ✓ Aforro económico na compra de combustibles no periodo 2014-2020: **224 M€**
- ✓ Total de investimentos por valor de: **160 M€**
- ✓ Intensidade enerxética reducida nun: **0,3%**
- ✓ Emprego (directo e indirecto): **700 novos postos de traballo**